

## **Do Libro de San Ciprián e do Castelo de Mau Vizinho**

POR

**Modesto Rodríguez Figueiredo**

O xurdio estudo do Prof. Filgueira Valverde encol do Ouro nos Castros e a reseña, colmada de suxerencias, do Castelo de Mau Vizinho dada polo P. Antonio da Eira, amos en comunicacóns apresentadas ó Coloquio Luso-Español de Cultura Castrexa, celebrado en Carvalhelhos no mes de outubro do 1972, empenan as notas de agora, carescentes de outro mérito que non seña inxel curiosidade, pois ren han de engadir, nin menos cambear, nas feitorías ben temperadas de aquiles investigadores.

Non embargantes, coidamos que cecais algúns aspeitos de pontoalización podían axudar, entreverando portelos de conocencia, ás respeitivas interpretacións de ataes mañíficos traballos.

**Os tesouros galegos asegún o Libro do San Cibrán**

Devén indubitábel que a indentificación de ise rol coas «mámoas de gentiles galigrecos» no «registro» do Licenciado Pedro Vázquez de Orxas, pescudador de fáciles gaños con consentemento i eslamido amparo oficial, é circunstancia de outo intrés e costitue novidade que, aparte de non ter sido apercebida deica a celeira comentada, enche de recendo prehestórico a ise orixinal capíduo.

Pro adevertimos que nas varias edizóns habidas decátanse nóminas desteras dos sitios de atopamento.

A de Leipzig, manexada por Filgueira, fegura o seu número con soilo cento coarenta e seis logares.

Por contra, a publicada en Río de Xaneiro pola Livraria Garnier, copeada na recente de Afrodite, rube o inventario a cento setenta e catro, coa particularidade de que contén as ementas da en comenzo indicada e o acrecento acada por enxergar máis xacegos, sempre todos con abolencia arqueolóxica.

Elo consinte a sospeita de que os despoedores tiveran de ser persoas enteiradas na materia, deprocatándose xa certo desvarío cultural e de redaución antre ise específico anaco do Cipriánillo e o resto do testo, iste adicado ós feitizos.

Parez, en definiñativa, coma si no «libro» se houberan artellado pasaxes de desamellada orixe, e algúñ vindo de fontes eruditas.

Aquestando enxempro, escúlquese que na introdución aos «tesouros da Galiza» escrébese que o choio tirase «... d'um pergaminho achado no seculo XIII» e que «o precioso pergamínho que vamos publicar pela primeira vez foi encontrado nos alicerces do castelo mourisco de D. Guttierre de Altamira, no ano de 1065, época en que D. Fernando o Grande, rei de Leão, entregou os domínios da Galiza a seu filho Garcia».

O aposto lévanos xeográficamente á freiguesía de San Fins de Brión, alfoz de Negreira, comarca próxima a Santiago de Compostela. Aló, encimada en outeiro, erguíase a forteza nomeada de As Torres, a causa das tres que tivo, e que hoxe, práiticamente esbarrumbada, so convoca tristeira memoria de grandezas que se non souperon sostener. Foi cabeza de señorío, inzado en condado por Enrico IV de Castela, e perteneceu á parentela da que versifica Luis Zapata no seu Carlos Famoso:

*«En el escudo blanco figurada  
la cabeza del lobo temeroso,  
divisa muy notoria y muy preciada  
es del claro linaje de Moscoso».*

E aíña que na afoutada recendencia non houbo ningúen que se chamase Gutierrez, abesúllase que a concreta alusón que solferimos veu pola canle de que algúns do apellido diron na xismadura de cachear tentando ubedades, como aquerdita reloite de Vasco de Aponte:

«Fallecido Bernal Yáñez, heredó la Casa su hermano Alvaro Pérez de Moscoso, el cual no hizo hazañas, salvo que una noche salió de Val de Barcia y vino a Val de Meis, y quemó en el cabo de Santa María de Loureda a dos hombres en una casa a pesar de cuantos lo vieron y sintieron, pero las otras no son dignas de escribir (sic). — Este Alvaro Pérez duró poco, y según fama, entrando en la Coba da Coruja a buscar un gran tesoro por consejo de un freire que era gran nigromante y llevando consigo treinta escuderos y peones muy esforzados, y ante ellos muchas hachas encendidas y tizones muy grandes de roble, cuerdas largas amarradas en la entrada de la cueva con estacas y la gente armada, y entrando por la cueva adentro hallaron aves tan grandes que les daban muy grandes golpes en las caras, y anduvieron hasta llegar a un gran río caudal, y vieron del otro cabo de él gentes extrañas hermosas, ricamente vestidas, tañendo instrumentos, y viendo grandes tesoros, pero tuvieron tan gran miedo al río que no lo osaron pasar, y todos de un acuerdo dieron vuelta, mas el fray decía, adelante, adelante, que no es nada; y ellos no lo quisieron creer, y entonces salió tan grande viento que les apagó las hachas, en tan buen día cuando se pudieron salir: dio por ellos un aire empozoñado que ninguno salió del año con vida, y el freire luego perdió la vista de los ojos».

O que queda aporcima premite basear hipótese de que o faguedor da reseña ciprianesca non escolleu a eito ou por vértila, que xa sabería dos afeizoamentos da xente e do seu andar con meigalleiros. Hastra estaría enteirado dos runxires do Nobiliario.

Nefeuto, algunha sospeita máis de iste matis tamén pode ser barruntada no abofellar que o argallado documento atopouse nos alicerces do devandito castelo, co que, deixando na beira a datación — aposte trabucada — do século XIII, farase recordanza á loita dos Irmandiños, que derrubaron en ben pequena cuantía os murallóns da bastida, reparada axiña na maneira apurada que, axuntando con noticia de inefábel contenda guerreira, igoalmente refire Vasco de Aponte:

«... y este Lope Sánchez con García Martiz y García Pérez de Castela y Fernán Alvarez de Carantoña que era hombre de gran seso, y pocos había de más consejo, acordaron muy secretamente que García Martiz tomase escuderos y peones y pedreros y hazadoneros y virtuallas y se metiese una noche en Altamira que era la cabeza del Estado, y así lo hizo, y cuando fue mañana tenía hecho un muro de piedra Lousa (sic), y no ancho de una braza de alto, que no se tardaron dos horas en hacerlo: Supieron las nuevas en Santiago, y Luis de Acevedo hermano del arzobispo, y su capitán mayor que ya lo sabía, y estaba alerta o a la mira con dos mil peones, y cien lanzas, y muy buenos hombres para dar en cualquier parte que se levantase fortaleza, luego que supo esto se partió a Altamira, y dándole un combate muy recio y pensando entrar, y los de dentro que no pasaban de cien hombres a lo más, pero muy valientes y esforzados, lo defendieron, y teniéndoles García Martiz reparados, cada uno en la estancia que merecía, y en lugar de artillería tenía cada uno su montón de piedras a los pies, y echaron sobre los de afuera tan gran multitud de ellas, que en dos horas que duraría el combate, no dejarían de matar muy mal heridos (sic) sesenta hombres, y otros muchos atormentados de las piedras, aunque les daban por encima de las armas, porque los hombres cercados eran muy forzosos».

E voltando ao sulco de ise irse aporveitando a liñase dos Moscoso prainxertar o tecido dos ricaces, merece o tema que se repare noutro parágrafo.

O limiar de aquíles no Cipriánillo afiuza que «todos os tesouros e encantamentos do antigo reino da Galiza acham-se depositados pelos Mouros e Romanos em esconderijos subterrâneos».

Emporiso, a reseña asíñada polo 11 contense como segue:

«Pela banda da sombra em Orosó dorme escondido o dinheiro do grande Homem de Altamira».

E queda un chisco arriscado convertir en intruso latino ou dos da mouramia a un altamirano, se non que o eistremo estea a resaltar unha sorte de ideiazón construitiva, tomado por escusa aspeitos e variantes de azueiras de un mesmo motivo.

E convérxese no supor suliñado de mester de un letrado, acaso folgando con deseño xogoral e chufareiro.

I esa remanencia esprica que na emposta se mesturen citas de rixeza, cal a do monarca, sin dificultade identificábel con Fernando I, quen, ao falecer no 27 de decembro do xustamento marcado 1065, partillou o reino antre os fillos e, asegún verbas de Pelaio de Oviedo, «*dedit domino Garseano totam Gallaeciam unam cum toto Portugale*»; eispoñendo o mellor detalle do Cronicón Compostelano que: «*Garseae autem natu minori Gallaeciam cum Portugalia et Ispalensem regionem cum civitate Badalioth, in propriam hereditatem concessit, licet tunc temporis a Sarracenis potestative tenerentur, qui supradicto Regi, scilicet Federnando, sicut Caesaraugustani et Toletani, tributum annuatim persolvebant*».

Este traer eiquí a Fernando I tampouco será simples azaro e venturanza, que il angazou a tomada de Coimbra en 1064, cuio conquerimento o Silense esproa froito de milagre. I en eidos de feiticería humán non retranquea moi fora unha tau-

maturxia de cerne santo; a que quizaves seña comenente amostrar con decires de manuscrito medieval:

«Certo he a todo los homes que moram en na çidade de Santiago que avia huun omme boo que avia nome Esteuoo, conplido da graça de Deus, era de terra de Grecia et demitio huun bispado que tiña por amor de Santiago, e foise a el en rromaria; et partiose das cousas d'este mundo por se chegar mais conpridamente aos mandados de Deus. Et non se quis tornar mais a sua terra e fui aos mayores da iglesia en que jaz o corpo do pregioso apostolo, et deytouse aos pees d'eles e pediolles por amor de Santiago por que leixara as onrras e as requezas d'este mundo, que lle desen dentro en na iglesia huun lugar en que fezese sua oraçon d'ali endeante. Et eles viron que de bispo que fora tornara atan poble por seruir a Deus, deronlle hy hun lugar en que fezo hun-a çela onde sempre veer o altar de Santiago, a que el de dia é de noyte podía veer o altar de Santiago. Et fazia moy boa vida.

Et huun dia que era festa de Santiago, fazendo el sua oraçon, hun-a compaña de rromeus que vieram en rromaria, parouse cabo d'aquela çela en que el sia, a rogar en esta guisa:

— Señor Santiago, boo caualeiro, liuranos dos perigoos d'este mundo e do outro.

Et o ome boo quando esto oyo, pesoulle e deostooos e disolles:

— Homens sandios e jente louqua, non deuedes a chamar Santiago caualeiro, mais pescador que leixou o barquo e as rredes en no mar de Galilea e foyse con Nostro Señor, et el fezoo pescador dos homens por que por la sua preegaçon gaanou moytas almas para el.

Et en na noyte d'aquel dia, que o home santo esto diso, apareçeuille Santiago onrrado de vestiduras moi branquas, armado commo caualeiro de moy fremosas armas que esplandecía mais que os rrayos do sol; e tiña

duas chaues en na mao; et chamou duas vezes, e e terceira disolle:

— Esteuoo amigo de Deus que mandaste que (me) chamasen pescador e non caualeiro, sabe que por esto che aparesco asi que digas d'aqui endeante que sooo(n) caualeiro de Deus que vou ante os cristianos quando han lide con os mouros e faço que vençan. Et ajo graça de Deus que todo los que me amasem e me chamasem de coraçon, que os defendese de todo los perigoos. Et (para) que tu creas de certo esto, con estas chaues que eu teño en na maaao, abrin as portas da çidade de Coymbra que el Rey dom Fernando (ha) sete annos que a ten cercada; et cras ora de terça meterey dentro os cristianos, et dárles la ey en seu poder.

Et desque esto ouv(o) dito, desapareçeulle.

Et aa mañaa, desque sayron dos matiins chamou o home boo os mellores homes clérigos e leigos que achou, e contoulles en commo vira todo esto e oyra e commo depois que aparesceu quic era ben certo, et escripuio o dia e a era; et depois que a çidade foi entrada, acharon que fora en aquela ora que disera. Et d'ali en deante aquel home preegou que quen quisese demandar merçee a Santiago, que lhe chamase caualeiro, ca el era aquel que ajudaua e lidaua por aqueles que tiñan uerdade; et el por auer o seu amor, fez d'ali endeante melhor vida e mayor oraçon, et viueo y en seruïço de Deus todo o tempo da sua vida; et despóis da sua morte soterraronno en na iglesia moyto onrradamente, e d'esto enviaron hun testimonio a el Rey. Ad domino sanctum est (istud, et est mirabile in oculis nostris. Regi Regum superno sit decus, et gloria in secula seculorum). Amen».

### O Castelo de Mau Vizinho no Libro do San Cipriano

A obra de Afrodite, apesares de botada do seu prelo en Lisboa, refuga calquer indicazón do eistremo e tamén couta

todo o que seña referimento de acoubillos en bisbarras lusitanas.

O particolar peta chamada acaíndo cuido sen moito xeito, pois que no país irmán outras versións non quedaron iñoradas pra toda cras de xentes, e coas follas do San Ciprián na man moito se ten cavado e se continúa remexendo, en fenómeno parelo co que aconteceu e acaesce na Galiza.

E, meténdonos no pormenor da específica lista portuguesa, sábese que ésta abrangue a cento coarenta e oito partidas, das que agora importan as que, coa sua peculiar ortografía, son trascritutas de contado:

«11. Nos Castro de Máo Visinho, ao nascer o Sol, debaixo, da peneda, sesenta e um passos do castelho, onde está uma mão pintada, a tres estados d'un homem, acharão em um caixão metido em uma tina muitas moedas d'ouro».

«13. Na fonte do Valle, limite do Castro de Máo Visinho, que nasce defronte, ao meio dia, approximadamente 12 passos, está um vestido com enfeites de ouro».

«14. Na fonte do Cavalleiro, limite do Castro, defronte do nascer do sol, ao pé de um ervideiro, tem uma peneda que desce ao Castro, e por baixo no meio da peneda dois estados, acharão 4 capilhos d'ouro; e o que está vivo não o matem».

«15. Na fonte do Cavalleiro, defronte do norte, pro cima junto a R.S.X,V,I, dentro do prato, está uma pedra com um letreiro; acharão ahi um caixão com moedas d'ouro».

«31. No Castro de Máo Visinho, aguas vertentes para um ervideiro, tem ao pé um penedo marmore, acharão n'elle uma lousa furada e debaixo um haver muito grande».

«113. No Castelo de Máo Visinho, está uma pedra de tres quinas e defronte da mesma pedra oito passos está uma tina de prata e debaixo está muito ouro, cara ao sul».

«123. No Castello de Máo Visinho, defronte do meio dia, debaixo da portada, acharão um grande haver».

«147. No Castelo de Mau Visinho, nas portas do Poente, por baixo d'ellas está um penedo redondo, onde acharão duas pias mettidas na fraga, uma de ouro outra de prata».

O abondoso recuncar convoca singolar atención e mantenta de non quedar esvaído un canto topográfico, máisime comparando coa diversidade xeral de nomes e localizacóns que tense como regra do feitío.

E sendo auténteco que a raigaña da tarefa atende a testemuñar achádegos xa conqueridos, que non a ousequiar encerto de vendimiñas, entón débese predicar maneira de fixación de atopamentos inantes deveñidos, preñadores de sona que rascou largacía nombranza.

E por ese camiño se non abona, mais destápase oco de abordela pra posibilidá recollida polo P. Antonio da Eira de que o tesouro de Lebuçao tería procedido do Castelo de Mau Vizinho.

Cando menos, a «Clavícula de Salomón», que é outro dos mites do Libro de San Cibrán, solea á teoría con un algo do seu precurrado misterio.

### O demo nas lendas do Castelo de Mau Vizinho

Escontra do asentir común de que tódalas labouras antigas que rebordan do apreixamento popular son atribuidas a intervencións dos mouros, eiquí quere entronarse estadía do diaño, con un seu cabalo deixando nos roquedos as marcas das ferraduras.

Isto teima no emprego tan esquирto das trécolas do San Ciprián ou Cibrán pras descobertas que alí se tiveram levado a cabo.

Sobrancéase en que no tocantes á Galiza fala oinxenio de unho «relazón de tesouros», namentres que ó tratar a «quacatio» en leiras portuguesas asulíñanse os termos «desencantos» i «encantos», con pautado ritual de esconxuracións, contraponendo o poder de Deus en loita coa dominazón polo diabo.

Por iso, coma o espiritu maliño señoarea no Castelo, «todas as pessoas que assistirem ao desencanto do thesouro mettam-se dentro de un triangulo..., que deve ser riscado no chão, pois que estando dentro não lhe acontece mal algun».

Logo invocarase «Terra, tudo darás e tudo comerás» e rezorare a «Ladaíña dos Santos», proseguindo un segundo desconxuro, sempre liberdando de ataduras satánicas:

«Em virtude de Deus Padre Santo, tres pessoas distintas e un só Deus verdadeiro, por virtude da Virgem Maria e de todos os Santos Apostolos, Evangelistas, patriarchas, prophetas, martyres e confessores, por virtude de Santo Ubalde Francisco, eu, creatura de Nosso Senhor Jesus Christo, remido com o seu santissimo sangue e feito á vossa semelhança, em vosso santissimo nome desencanto este thesouro que está diante de mim enterrado..., mando que já me sejam entregues todos os thesouros que aqui estão debaixo d'esta terra em poder de Lucifer e seus companheiros ... retira-te, Satanaz, d'aqui para fóra, que te mando com todo o poder que tenho, de quem é mais do que tu. — Vai já para as profundas do inferno!. Abra-se a terra já; Jesus, Jesus, defendei-me d'estes phantasmas que me estão a rodear para que eu não possa conseguir o que desejo, Jesus, Jesus, vinde em meu socorro. Retira-te Satanaz, que estás vencido. — Quebrei as tuas astucias com o santo poder de Nosso Senhor Jesus Christo. Retirai-vos, phantasmas inimigos da natureza humana; eu vos esconjuro em nome do mila-

groso S. Cipriano e pelo Santo Lenho da Cruz em que Nosso Senhor Jesus Christo foi crucificado; por esta mesma Cruz eu te mando: Retira-te, Satanaz, phantasma inimigo de Deus e dos homens».

E reincídese en memorar o dominio do demo con «prevençao» eispreza:

«No fim de fazer esta oração apparecem-vos immensos phantasmas, para experimentar se deixais ficar a riqueza e fugir, mas não tenhais o minimo susto, porque quando o demonio vir que assim fazeis, logo foge e vos deixa tudo á vossa disposição. No fim de tirardes a riqueza, mandai em nome de Jesus e de S. Cipriano que torne tudo ao seu natural, e no fim reparti a riqueza sem que haja soberba, porque foi dada por Deus e por S. Cipriano».

Demorámonos no antecedente pra deixar acemado que o uso do «libro» houbo de convencer da presenza indagada, superpoñendoa á xenérica dos mouros, con afastamento dos derradeiros.

E, logrado o relevo dos persoaxes, había que tamén gornir eispricamente pra accidentes materiáis non correntes que amosa o escenario, pois que de vello aquíles serían tidos por eispresión de un siño cultual do que hai moitas semades, de cote mesturadas con creenzas cristiáns ou de iste acervo, noutro troco de siñificado despois de que se perdera o seu senso inicial, como quedou estudiado por Taboada Chivite chegando ós miolos da ampla polivalenza relixiosa que rexistra a venerazón aitual das pedras.

Eisí, as ferraduras son, por vegadas, as da burriña en que, dende Belén, fuxía a Virxe co seu Filliño, estampadas en Cortegada do Miño, no Rosal, en Castro de Laza, en Rebordao (Bragança), Travanca (Vinhães), etc.; ou cando ían pelegrinando a Compostela, cal en Santa María do Lago, onde a Nai houbo

de maldizoar a toda unha aldeia pola aición de un zapateiro, prenunciando en castrapo:

*«Lajo te asulajo,*

*lo de enriba para embajo».*

Outras veces son as da cabalgadura de Sant-Iago, coma en Couso de A Estrada; ou hastra as da montura de Roldán, convertido en santo, coma no Castelo de Vilamartín de Valdeorras, na lagoa do Carregal e na Cidá de Santa Uxía de Riveira.

Máis cerco do noso ouxetivo, é ensiñando que íste non é eiscepción, queda a lenda da Pena da Ferradura en Castro Caldelas, tamén calcada pola burriña em que camiñaba a Virxe, que venceu ao faco preto do demo en apostar por quén dos dous animais choutaba máis lonxe; ou a do mesmo cabalo de Lucifer na fraga portuguesa do Silvio.

E, privados no comentario de informacions que atingan ó estadio anterior as infruencias fortes que o Libro do San Cibrán debulló sobor do Castelo de Mau Vizinho, non nos astrevemos a inquirir encol da tarmeanza de manifestacions de sacrinaldades, ás que os descrobimentos de tesouros infondirían maior avalio e respeto popular.

Mais, seña como fose, pra nós a «verdade» do «libro» posei, persoalmente, menos certidume que o lírico publicar que en algures se troca eisaititude de cantiga. Atal a que, en artes de adiviñanza, cádralle a un castro da parroquia pontevedresa de San Martiño de Salcedo:

*«Monte das Croas,*

*Ponte do Batán,*

*Fonte de crara auga fría,*

*Monte de Samariné;*

*Tiran co ouro as ovelhas*

*E non saben o que é».*

MODESTO RODRIGUEZ FIGUEIREDO

Residênciia: Rua Daniel de la Sota, 9-2.<sup>o</sup> — Pontevedra — Galiza — Espanha

## BIBLIOGRAFIA

- APONTE, VASCO DE — *Relación de algunas Casas y Linajes del Reino de Galicia.*
- BARREIRO DE VÁZQUEZ VARELA, BERNARDO — *Brujos y astrólogos de la Inquisición de Galicia y el famoso Libro de San Cipriano.*
- EIRA, ANTONIO DA — *O Castelo de Mau Vizinho.* — Trabalhos de Antropología e Etnografia, Revista da Sociedade Portuguesa de Antropologia e Etnologia, Porto, 1973, vol. xxii, fasc. 3, pág. 345 a 351.
- FILGEIRA VALVERDE, XOSÉ — *Ouro nos Castros.* — Id., id., id., pág. 307 a 327, xii Est. com 15 figs.
- FRAGUAS FRAGUAS, ANTONIO — *La Galicia Insólita.*
- GARCÍA DE LA RIEGA, CELSO — *Galicia Antiga.*
- LÓPEZ-AYDILLO, EUGENIO — *Os miragres de Santiago.* — Versión gallega del códice latino del signo XII.
- MARTÍNEZ MURGUÍA, MANUEL — *Galicia.*
- RIBEIRO DE MELO, FERNANDO — *Grande livro de S. Cipriano ou tesouros do feiticeiro.* — Edições Afrodite, Lisboa.
- TABOADA CHIVITE, XESÚS — *O culto das pedras no Noroeste peninsular.* Etnografía Galega — Cultura espiritual.
- TAVARES, POSSIDONIO — *O verdadeiro livro de S. Cipriano.* — Livraria Garnier, Rio de Janeiro.